

ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DAS PROBAS PARA A SELECCIÓN DE DÚAS PERSOAS PARA OS POSTOS DE PEÓN ALBANEL DO PROGRAMA DE “FINANCIAMENTO DAS CUADRILLAS DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS”.

Proceso selectivo: Contratación de 2 PEÓNS ALBANEIS mediante a modalidade de contrato laboral temporal ao abeiro do programa de “Financiamento das cuadrillas de obras e servizos mínimos municipais” segundo subvención concedida pola Deputación Provincial de A Coruña.

No Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo, ás 10:00 h do día 28/05/2015, reúnese o Tribunal Cualificador que avaliará as probas selectivas para prover dúas prazas de PEÓN ALBANEL, para as tarefas incluídas no PLAN DE REFORZO DE CUADRILLAS DE OBRAS E PARQUES MUNICIPAIS ao abeiro do antedito programa e segundo as bases aprobadas pola XGL na sesión do 30/04/2015 e o tribunal aprobado pola Resolucións da Alcaldía núm. 280/2015 do 26 de maio de 2015, coa seguinte composición:

Presidente: Gabriel Bermúdez Piñeiro, encargado de obras municipal (V)

Vocal: María José Fungueiriño Tubío, AEDL municipal (I)

Asesor proba de galego: Carlos Ces Ozores, enxeñeiro en informática municipal (I)

Vocal-secretaria: V. Avelina Campaña Martínez, auxiliar administrativa municipal (C2)

O Presidente declara constituído o Tribunal e dá conta dos antecedentes do proceso:

Primeiro: o día 20 de maio de 2015 presentouse a oferta pública de contratación de persoal na oficina de Boiro do Servizo Público de Emprego e, unha vez que se recibiu a listaxe das persoas candidatas, convocáronse para que acudiran o día 28 de maio ás 10:00 horas, ao Centro Sociocultural – Auditorio de Rianxo.

Segundo: que a antedita Oficina de Emprego remitiu unha listaxe de 10 persoas candidatas para participar no proceso de selección; presentáronse 7 candidatos, quedando as persoas non presentadas excluídas do proceso.

Ás dez horas e dez minutos, realízase o control de asistencia á proba escrita e o acceso á sala na que se vai realizar a dita proba.

Unha vez dentro explícaselles ás persoas aspirantes como se vai desenvolver o exame e fanse as aclaracións ao respecto da documentación que se lles presenta.

Ás 10:15 horas iníciase o exame que remata ás 10:45 horas.

Ao remate da proba escrita recólleselles ás persoas aspirantes a documentación que presentan para a súa valoración na fase de concurso e que será valorada ao remate da fase de oposición, só a aqueles aspirantes que a superen.

Ás 10:50 horas reúnese de novo o Tribunal reúnese para facer as valoracións dos exames obtendo o seguinte resultado:

| APELIDOS E NOME | RESULTADO |
|--------------------------------|--------------------|
| CASTRO FIGUEIRA, ROSALINO | Non supera a proba |
| DASILVA FERREIRÓS, JULIO | Non supera a proba |
| FIGUEIRA RIAL, DORA | Supera a proba |
| LESENDE ALBELA, JULIO | Supera a proba |
| QUINTELA FORMOSO, JOSÉ ANTONIO | Supera a proba |
| REY EIRAS, RAMÓN | Supera a proba |
| RODRÍGUEZ RAMOS, XAQUÍN | Supera a proba |

Logo disto se lle comunica ás persoas aspirantes o resultado e se lle indica o lugar e a hora á que teñen que presentarse para a realización da proba práctica que é ás 12:00 horas no Almacén de Obras situado na Carballeira.

Desde alí trasládanse as persoas candidatas que superaron a proba escrita ao lugar elixido para a realización das probas practicas no lugar de O Barral; unha vez alí, iníciase as probas ás 12:15 h e remátanse ás 13:15 h. Da realización da dita proba, que é eliminatoria, resulta que os cinco aspirantes superan a proba práctica.

Ao remate desta proba se lles comunica a catro dos aspirantes que superaron a proba que deben presentarse ás 14:00 horas no Centro Sociocultural – Auditorio para a realización da proba de galego falado incluída no punto 4.3 das bases de selección; queda exenta da dita proba Dora Figueira Rial porque presentou a documentación xustificativa do coñecemento de galego esixido.

Ao tratarse dunha proba oral, este exercicio grávase co consentimento dos aspirantes. Remátase esta proba ás 14:45 h co seguinte resultado:

| APELIDOS E NOME | RESULTADO |
|--------------------------------|-----------|
| LESENDE ALBELA, JULIO | APTO |
| QUINTELA FORMOSO, JOSÉ ANTONIO | APTO |
| REY EIRAS, RAMÓN | APTO |
| RODRÍGUEZ RAMOS, XAQUÍN | APTO |

O tribunal réunese novamente ás 09:35 horas do día 29/05/2015 para facer a valoración do proceso e da documentación presentada polas persoas aspirantes para a fase de concurso. Unha vez rematadas estas valoracións, as persoas aspirantes que se presentaron para os postos de PEÓN ALBANEL e superaron a fase de oposición, obteñen a seguinte puntuación final:

| APELIDOS E NOME | OPOSICIÓN | | | CONCURSO | | | | TOTAL |
|--------------------------------|---------------|----------------|----------|-----------|---------|--------|----------|-------|
| | Proba escrita | Proba práctica | Subtotal | Formación | Carné B | Galego | Subtotal | |
| Figueira Rial, Dora | 3,00 | 3,50 | 6,50 | 0,00 | 1,00 | 2,00 | 3,00 | 9,50 |
| Lesende Albela, Julio | 3,00 | 5,50 | 8,50 | 0,00 | 1,00 | 0,00 | 1,00 | 9,50 |
| Quintela Formoso, José Antonio | 4,50 | 6,00 | 10,50 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 10,50 |
| Rey Eiras, Ramón | 3,90 | 6,00 | 9,90 | 2,00 | 1,00 | 0,00 | 3,00 | 12,90 |
| Rodríguez Ramos, Xaquín | 3,00 | 5,50 | 8,50 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 8,50 |

No cadro anterior aparece un empate entre dúas das persoas aspirantes, Dora Figueira Rial e Julio Lesende Albela.

O último parágrafo do punto 5 das bases de selección establece que, de producirse empates, se resolverán atendendo en primeiro lugar ao criterio de maior puntuación na fase de oposición; neste caso o aspirante Julio Lesende Albela supera nesta fase á aspirante Dora Figueira Rial polo que a orde de puntuación definitiva é a seguinte:

| APELIDOS E NOME | TOTAL |
|--------------------------------|-------|
| REY EIRAS, RAMÓN | 12,90 |
| QUINTELA FORMOSO, JOSÉ ANTONIO | 10,50 |
| LESENDE ALBELA, JULIO | 9,50 |
| FIGUEIRA RIAL, DORA | 9,50 |
| RODRÍGUEZ RAMOS, XAQUÍN | 8,50 |

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal **propón** as persoas que se indican de seguido para cubrir, temporalmente, as dúas prazas de PEÓN ALBANEL para o Concello de Rianxo:

| APELIDOS E NOME |
|--------------------------------|
| REY EIRAS, RAMÓN |
| QUINTELA FORMOSO, JOSÉ ANTONIO |

Así mesmo, o Tribunal inclúe o resto de aspirantes que superaron o proceso, por orde de prelación, que superaron as probas e non se incluíron na proposta de nomeamento, aos efectos indicados nas ditas bases (substitución, baixas, enfermidade, ...):

| APELIDOS E NOME |
|-------------------------|
| LESENDE ALBELA, JULIO |
| FIGUEIRA RIAL, DORA |
| RODRÍGUEZ RAMOS, XAQUÍN |

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscrita polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello, no sitio web municipal e na Sede Electrónica do Concello de Rianxo.